



Ondas de ilusións

- escolas do mar -



Confraría de Barallobre



Visita escolar primaria (6-11 anos)

A confraría de Barallobre cobre os municipios de Mugardos Fene, Neda e Narón. Nesta visita coñeceremos o traballo das mariscadoras e as diferentes especies de bivalvos que se poden apañar nas nosas rías.

A actividade pesqueira e marisqueira é moi importante na economía e sociedade do noso territorio. Esa foi a razón pola que fai máis de medio século que foi fundada a Cofradía de Pescadores "Santiago Apóstol" de Barallobre.

Na Cofradía de Barallobre a extracción do marisco realízase de tres formas diferentes:

- A pé na zona intermareal. Para a extracción de berberecho emprégase un pequeno anciño. Pero para a extracción da almeixa babosa, fina e xaponesa úsase o sacho para cavar. E a captura da ostra faise a mano.
- A flote na zona intermareal: Para capturar berberecho, almeixa babosa, fina, japonesa e rubia usando un "raño de vara". Para a extracción da zamburiña emprégase o endeño remolcado.
- Mergullo: Para a captura do ourizo de mar.

Despois da extracción faise a selección, facendo unha criba do marisco. Ese marisco é depurado durante 24h na depuradora para asegurar que os organismos están limpos e óptimos para o consumo humano. Da mesma forma, diariamente fanse análises para garantir o correcto funcionamento da depuradora.



A Cofradía ten un método innovador, xa que é a propia lonxa a que vende directamente ao público, sen intermediarios. Sendo todo o marisco de alta calidade e de orixe 100% galego.

Confraría de Barallobre

1.- Qué nome recibe a profesión das persoas que recollen o marisco nas Rías?

2.- Pon onde corresponda as diferentes partes da anatomía dunha ameixa:

Sifón, charnela, valvas, vianda



3.- Indica cales das seguintes son especies de ameixa son autóctonas galegas:

Ameixa xapónica

Ameixa fina

Ameixa babosa

Ameixa xigante

Ameixa rubia

Ameixa cebra



"As ameixas, berberechos e ostras son animais mariños que pertencen ao grupo dos moluscos bivalvos, xa que teñen dúas cunchas ou valvas. As ameixas e berberechos entérranse na area e as ostras adhírense as rochas. Mais os tres tipos de organismos aliméntanse a través de sifóns filtrando animais microscópicos chamado plancto."

4.- Debuxa e nomea as diferentes ferramentas de extracción de marisco que viches durante a visita.